

## CONTIDO DOS PROXECTOS TÉCNICOS DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E ACTIVIDADE

1. Os proxectos de reforma de local para o desenvolvemento dunha actividade axustaranse ás determinacións do artigo 6, "Condições do proxecto", Capítulo 2, Parte I do Código técnico da edificación.

2. Ademais da documentación recollida no anexo I da parte I do Código técnico da edificación o proxecto técnico deberá conter a seguinte documentación técnica:

1. Memoria urbanística como documento independente: incluírá a xustificación das condicións esixidas polos diversos títulos da normativa das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Salceda de Caselas.

2. Xustificación do cumprimento das esixencias básicas do Código Técnico da Edificación (CTE). O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función deste e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido.

4. Plano a escala 1:2000 ou 1:1000 da cartografía oficial de Salceda de Caselas, no que se sinala a situación da edificación na que se pretenden as obras e plano de localización do local no que se pretende a actividade, a escala mínima e 1:500.

5. Memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, tanto a Lei de accesibilidade de Galicia o Regulamento de desenvolvemento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na C.A. de Galicia (D. 35/2000) como as esixencias básicas de seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación (CTE).

6. Planos con indicación da situación das instalacións de protección contra incendios. Inclúiran a definición dos corredores fixos de evacuación, recorridos de evacuación e sectorización.

7. Estudo de xestión de residuos procedentes da demolición e Estudio de Seguridade e Saúde (ou estudio básico).

3. Os proxectos técnicos de actividade deberán conter a seguinte documentación:

1. Descrición detallada da actividade e das instalacións necesarias para o seu desenvolvemento, no que se inclúa a descrición detallada das características da actividade e as características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, que se ha de expresar en C.V. para as máquinas con motor e en kw. para o resto, así como, as medidas correctoras a aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas.

2. Estudo xustificativo do cumprimento da normativa de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e vibracións, sempre que a actividade sexa susceptible de xerar rúidos e/ou vibracións.

3. Documentación técnica exixible segundo a natureza da actividade ou instalacións.